



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego(BNG)**, a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, ao Proxecto de Lei de caza de Galiza (doc. núm. 10315) polas seguintes consideracións:

- 1. Considerando precisa unha mellor ordenación e regulación dos recursos cinexéticos o Proxecto de lei de caza non responde a este obxectivo**, nin a unha configuración da caza na Galiza que preserve o seu papel social e avance nunha xestión da mesma democrática, moderna e avanzada; un modelo que teña en consideración ao diferentes sectores implicados, unha valoración multifuncional do monte e aposte realmente nunha caza sustentábel.
- 2. Contén elementos liberalizadores** desta actividade, que van en detrimento do interese xeral, e busca importar modelos alleos que non teñen nada a ver coa nosa realidade. Así, detéctase no proxecto de lei unha forte aposta polas explotacións cinexéticas comerciais, reducindo os requisitos para a súa implantación e favorecendo un modelo elitista que racha coa tradición cinexética na Galiza. Ademais, existe unha redución do papel da administración pública a meros tramitadores de autorizacións e permisos.
- 3. A Xunta de Galiza non xustifica adecuadamente a necesidade deste proxecto de lei.** De feito, a exposición de motivos carece dunha argumentación sólida e rigorosa que dea sustento a esta norma. Así recórrase a empregar tópicos e lugares comúns para a defensa desta mudanza, con tautoloxías como “é un feito constatábel que o medio cambiou e as circunstancias en que se practica a caza tamén, por iso é necesario modificar a normativa que a organiza e ordena”.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Este proxecto de lei **ignora que a caza é un recurso máis do medio rural** que debe compatibilizarse e harmonizarse con outras actividades e usos que comparten espazos. Neste senso, existe unha desconexión total das políticas de posta en valor do monte, o medio rural ou de conservación e preservación da natureza.
5. Este proxecto de lei, **obvia as diversas fórmulas de propiedade do monte**, establecendo requisitos que nalgúns casos van claramente en prexuízo das persoas ou comunidades que teñen propiedades no rural.
6. **Reláxanse as medidas de seguridade** que deben primar tanto para as persoas que participan na caza, como para terceiros, así como a vixilancia e control da práctica cinexética, prescindindo da obrigatoriedade dos gardas de caza, medida que de facto suporá a destrución de numerosos postos de traballo.
7. O proxecto de lei **introduce amplas marxes de arbitrariedade**, facultando a administración -en diversos artigos- a adoptar decisións que deixan sen efecto as previsións da lei, sen que se establecen claramente as causas que poden motivar a excepción.
8. A lei **non ofrece unha solución real aos danos causados polas especies cinexéticas no medio rural**, carece de ningún tipo de estratexia de prevención e no relativo ás compensacións de danos, rebaixan as obrigas que sobre este suposto estaban fixadas na lexislación vixente. A pesar de que se prevé a creación dun “fondo de corresponsabilidade para contribuír á prevención e á compensación dos danos que causan as especies cinexéticas nas explotacións agrarias”, este carece de recoñecemento real na Memoria Económica. De feito, na memoria económica dise textualmente “polo que respecta ás liñas de axudas non está previsto ningún cambio no funcionamento das mesmas e como ata o de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

agora, dependerá da dispoñibilidade orzamentaria a súa posible convocatoria”. É dicir, que a Xunta de Galiza afirma que vai deixar na práctica se efecto esta previsión legal.

9. A lei presenta unha **clara desconexión coa normativa de protección do medio ambiente e conservación da natureza** e non prevé ningunha medida nin actuación destinada a mellora de hábitats, conservación de fauna ou de control da pureza das especies cinexéticas silvestres autóctonas. A conservación e recuperación dos recursos cinexéticos precisa con urxencia de instrumentos de planificación cunha versión integral do conxunto do territorio, que vaia máis alá dos plans de ordenación e anuais de caza específicos previstos.

Por todas estas razóns, o Grupo Parlamentar do BNG solicita a devolución do Proxecto de lei de caza de Galiza.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2013

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 20/09/2013 13:07:51